



O **Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo**, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar en data 29 de outubro de 2018, a seguinte

## **MOCIÓN**

Europa vive unha situación crítica na súa demografía. A escaseza de nacementos, xunto co envellecemento da poboación fai perigar o futuro da nosa sociedade, e nomeadamente das pensións de xubilación a medio prazo.

Galicia sitúase como unha das comunidades autónomas onde o problema demográfico se manifesta con maior intensidade. O declive demográfico ven de trinta anos atrás, converténdose nun problema estrutural.

Todas as administracións deben tomar medidas para paliar esta situación. A Lei 40/2003 de protección ás familias numerosas establece no seu preámbulo o deber dos poderes públicos de prestar axeitada protección a este colectivo, aplicando medidas correctas para que os membros das familias numerosas non queden en situación de desvantaxe no que se refire ao acceso aos ben económicos, culturais e sociais.

Moitos destes beneficios recoñecidos na Lei quedan en mans de administracións locais e autonómicas, o que provoca que non sempre se apliquen ás familias numerosas.

Recentemente o goberno municipal de Carballo recibiu aos representantes de AGAFAN, Asociación Galega de Familias Numerosas, que lle fixeron chegar á súa inquedaanza polas escasas medidas contempladas nas ordenanzas municipais e nos propios orzamentos para atender ás necesidades deste colectivo que en Carballo está formado por 196 familias.

Aportaron documentación sobre Concellos de tamaño similar ao noso, onde en moitos casos hai redución do IBI, nas taxas das escolas infantís ou garderías municipais, no Conservatorio ou Escolas de Música, nos prezos públicos de actividades deportivas, recreativas ou culturais, ou nas taxas de lixo, sumidoiros ou auga.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular formula a seguinte moción, instando ao Goberno do Concello de Carballo a:

Modificar as ordenanzas municipais para acadar beneficios fiscais e nas taxas municipais para as familias numerosas, valorando os ingresos per cápita das mesmas para a obtención deses beneficios.

Aplicar ditas modificacións no proxecto de orzamentos municipais para o próximo ano 2019.

Carballo, a 15 de outubro de 2018

Asdo.) Aurelio Núñez Centeno

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.